

PROCEDEMENTOS PARA A TRAMITACIÓN DE MODIFICACIÓNS SUBSTANCIAIS E NON SUBSTANCIAIS DOS PLANS DE ESTUDOS DE TITULACIÓNS OFICIAIS DE GRAO E MÁSTER NA UNIVERSIDADE DA CORUÑA

Como resultado da xestión do Sistema de Garantía de Calidade e da mellora continua dos títulos, os centros poden propor modificacións ás memorias de verificación, de conformidade co previsto na normativa específica de carácter estatal e autonómico.

Considéranse modificacións aqueles cambios que non afectan de forma significativa á estrutura, natureza e/ou obxectivos do título verificado. De acordo co Real decreto 822/2021, do 28 de setembro, os posibles cambios nos títulos universitarios pódense clasificar en función da súa tipoloxía en modificacións non substanciais, que son cambios menores que melloran o título e que a universidade pode detectar como resultado do proceso de seguimento ou de calquera outro proceso de avaliación; e modificacións substanciais, que son cambios de maior alcance que alteran elementos relevantes como os resultados do proceso de formación, obxectivos formativos ou que condicionan recursos humanos ou materiais, pero a súa magnitude non implica unha nova verificación.

Este documento ten por obxectivo describir os procedementos a través dos cales os centros da Universidade da Coruña (UDC) terán que presentar as modificacións que introduzan nos seus títulos universitarios de grao e de máster.

PROCEDEMENTO PARA A TRAMITACIÓN DE MODIFICACIÓNS NON SUBSTANCIAIS DOS PLANS DE ESTUDOS DE GRAO E MÁSTER IMPARTIDOS EN CENTROS UNIVERSITARIOS ACREDITADOS INSTITUCIONALMENTE

Os centros universitarios acreditados institucionalmente poderán propor modificacións non substanciais dos plans de estudos verificados de títulos oficiais de grao e máster a través dun informe emitido polo órgano responsable do seu sistema interno de garantía de calidade (SIGC), sen requirir a aceptación da ACSUG. O procedemento que cómpre seguir é o seguinte:

1. A xunta de centro, a iniciativa da comisión da titulación, da comisión académica do centro ou da vicerreitoría con competencias en materia de títulos, aprobará a proposta de modificación da memoria do título que seguirá o formato de solicitude de modificacións non substanciais que se recolle no Anexo I deste documento. Esta proposta será remitida á vicerreitoría con competencias en títulos xunto co informe favorable preceptivo e vinculante elaborado polo SIGC do centro.
2. A Comisión de Plan de Estudos analizará a proposta presentada e emitirá un informe non vinculante, que será remitido xunto coa proposta para a súa aprobación en Consello de Goberno.
3. Unha vez aprobada a proposta en Consello de Goberno da UDC, o centro incorporará as modificacións á memoria do título a través da aplicación do Ministerio de Universidades.

PROCEDEMENTO PARA A TRAMITACIÓN DE MODIFICACIÓNS NON SUBSTANCIAIS DOS PLANS DE ESTUDOS DE GRAO E MÁSTER IMPARTIDOS EN CENTROS UNIVERSITARIOS NON ACREDITADOS INSTITUCIONALMENTE

Os centros universitarios non acreditados institucionalmente poderán propor modificacións non substanciais dos plans de estudos verificados de títulos oficiais de grao e máster a través dun informe emitido polo órgano responsable do seu sistema interno de garantía de calidade (SIGC), que deberá ser remitido á ACSUG para a súa aceptación. O procedemento que cómpre seguir é o seguinte:

1. A xunta de centro, a iniciativa da comisión da titulación, da comisión académica do centro ou da vicerreitoría con competencias en materia de títulos, aprobará a proposta de modificación da memoria do título que seguirá o formato de solicitude de modificacións non substanciais que se recolle no Anexo I deste documento. Esta proposta será remitida á vicerreitoría con competencias en títulos xunto co informe favorable elaborado polo SIGC do centro.
2. A Comisión de Plan de Estudos analizará a proposta presentada e emitirá un informe non vinculante, que será remitido xunto coa proposta para a súa aprobación en Consello de Goberno.
3. Unha vez aprobada a proposta en Consello de Goberno da UDC, a Universidade remitirá á ACSUG para a súa aceptación. A Axencia deberá notificar a súa resolución no prazo de dous meses. Transcorrido o devandito prazo sen un pronunciamento expreso, a Universidade poderá considerar aceptada a súa proposta.
4. Unha vez aceptada a proposta de modificación pola ACSUG, o centro incorporará as modificacións á memoria do título a través da aplicación do Ministerio de Universidades.

PROCEDEMENTO PARA A TRAMITACIÓN DE MODIFICACIÓNS SUBSTANCIAIS DOS PLANS DE ESTUDOS DE GRAO E MÁSTER IMPARTIDOS EN CENTROS UNIVERSITARIOS ACREDITADOS INSTITUCIONALMENTE

Os centros universitarios acreditados institucionalmente poderán solicitar, ao Consello de Universidades, modificacións substanciais dos plans de estudos verificados de títulos oficiais de grao e máster. O procedemento que cómpre seguir é o seguinte:

1. A xunta de centro, a iniciativa da comisión da titulación, da comisión académica do centro ou da vicerreitoría con competencias en materia de títulos, aprobará a proposta de modificación da memoria do título, presentando unha nova memoria do título que cumpra co formato do Anexo II do RD822/2021. Esta proposta será remitida á vicerreitoría con competencias en títulos xunto co informe motivado sobre a adecuación académica e a adecuación normativa da modificación substancial realizado polo SIGC do centro.
2. A Comisión de Plan de Estudos analizará a proposta presentada e emitirá un informe non vinculante, que será remitido xunto coa proposta para a súa aprobación en Consello de Goberno.
3. Unha vez aprobada a proposta en Consello de Goberno da UDC, o centro incorporará as modificacións á memoria do título a través da aplicación do Ministerio de Universidades. A solicitude de modificación será remitida á ACSUG xunto co informe do Sistema Interno de Garantía de Calidade. A ACSUG, no momento de realizar o seu informe, deberá ter en consideración primordialmente o informe elaborado polo SIGC.

PROCEDEMENTO PARA A TRAMITACIÓN DE MODIFICACIÓNS SUBSTANCIAIS DOS PLANS DE ESTUDOS DE GRAO E MÁSTER IMPARTIDOS EN CENTROS UNIVERSITARIOS NON ACREDITADOS INSTITUCIONALMENTE

Os centros universitarios non acreditados institucionalmente poderán solicitar ao Consello de Universidades modificacións substanciais dos plans de estudos verificados de títulos oficiais de grao e máster. O procedemento que cómpre seguir é o seguinte:

1. A xunta de centro, a iniciativa da comisión da titulación, da comisión académica do centro ou da vicerreitoría con competencias en materia de títulos, aprobará a proposta de modificación da memoria do título, presentando unha nova memoria do título que cumpra co formato do Anexo II do RD822/2021. Esta proposta será remitida á vicerreitoría con competencias en títulos xunto co informe motivado sobre a adecuación académica e a adecuación normativa da modificación substancial realizado polo SIGC do centro.
2. A Comisión de Plan de Estudos analizará a proposta presentada e emitirá un informe non vinculante, que será remitido xunto coa proposta para a súa aprobación en Consello de Goberno.
3. Unha vez aprobada a proposta en Consello de Goberno da UDC, o centro incorporará as modificacións á memoria do título a través da aplicación do Ministerio de Universidades. A ACSUG avaliará a modificación conforme o establecido para o proceso de verificación e emitirá un informe para o Consello de Universidades.



ANEXO I: FORMULARIO DE SOLICITUDE DE MODIFICACIÓNS NON SUBSTANCIAIS PARA TÍTULOS DE GRAO E MÁSTER

DATOS BÁSICOS DO TÍTULO

Universidade	
Centro	
Denominación	
Ámbito de coñecemento	
Código RUCT	
Modalidade de ensinanza	

DESCRICIÓN DA MODIFICACIÓN NON SUBSTANCIAL

Para cada apartado deberase incluír un texto que identifique a modificación.

Deberase xustificara modificación solicitada e, no seu caso, achegar a versión modificada do apartado correspondente da memoria onde se identifique claramente a modificación que se solicita respecto da memoria inicial.

1. Descrición, obxectivos formativos e xustificación do título
2. Resultados do proceso de formación e aprendizaxe
3. Admisión, recoñecementos e mobilidade
4. Planificación das ensinanzas¹
5. Persoal académico e de apoio á docencia
6. Recursos para a aprendizaxe: materiais e infraestruturas, prácticas e servizos
7. Calendario de implantación do título
8. Sistema Interno de Garantía de Calidade

¹ As titulacións de grao deberán adscribir as distintas materias de formación básica a un ámbito de coñecemento (Anexo I – RD 822/2021), tendo en conta que, polo menos, a metade dos créditos de formación básica do título estarán vinculados ao mesmo ámbito de coñecemento ao que se adscribe a titulación.



Conforme o establecido no artigo 30 do Real decreto 822/2021, de 28 de setembro, polo que se establece a organización das ensinanza universitarias e o procedemento de aseguranza da calidade, **a Universidade achega xunto con esta solicitude a seguinte documentación:**

- Informe favorable á modificación no substancial do SIGC do centro.
- Documento en que conste que a modificación foi aprobada polos órganos de goberno da universidade.

ASDO.:
RESPONSABLE DA UNIVERSIDADE